

RESOLUCIÓN conxunta do 25 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Función Pública e da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se homologan os graos de traxectoria profesional recoñecidos na Administración de Xustiza de Galicia cos graos da carreira administrativa recoñecidos na Administración Xeral da Xunta de Galicia

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 24 de maio de 2018, aprobou o acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

A *Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia*, na súa disposición adicional única (*Sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza*), estableceu así mesmo que a Xunta de Galicia estudará a implantación dun sistema de carreira profesional para os funcionarios de Xustiza, dentro do respecto á normativa aplicable do Estado e a través da mesa sectorial de negociación específica.

Mediante a Orde do 15 de xaneiro de 2019 publícase o Acordo de concertación do emprego público de Galicia, acordo asinado entre a Xunta de Galicia e CC.OO e UGT cuxa sección segunda recolle o sistema de carreira profesional, que non é aplicable para o persoal ao servizo da Administración de xustiza por causa de que os criterios, os requisitos e as contías iniciais do complemento de carreira profesional deberá ser determinado por real decreto, segundo se recolle no artigo 519 da Lei orgánica do poder xudicial. Porén, e entremetres non se publica o dito real decreto, si que pode servir de base para a configuración dun sistema transitorio que permita retribuír o persoal ao servizo da Administración de xustiza en condicións similares ás dos empregados públicos da Xunta de Galicia.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO, chegaron ao acordo de implantar o sistema voluntario de recoñecemento da traxectoria profesional, ordinario e extraordinario, do persoal funcionario de carreira da Administración de xustiza en Galicia, estendendo o ámbito subxectivo ao persoal funcionario de carreira dos corpos de médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e do corpo de auxilio xudicial. O dito acordo acadado o 10 de xuño de 2020 foi aprobado por Acordo do Consello da Xunta do 25 de xuño de 2020.

Así, mediante Resolución do 30 de xuño de 2020, publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020 polo que se aproba o acordo acadado o 10 de xuño de 2020 entre



a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO. para a implantación dun sistema de traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O 17 de setembro de 2020 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o Acordo polo que se aproba o acordo acadado o 3 de agosto de 2020 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO. para a implantación do réxime extraordinario ao grao I do sistema de traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Segundo co desenvolvemento da traxectoria profesional, o 17 de novembro de 2022 publicouse no DOG a Resolución do 14 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta do 3 de novembro de 2022 polo que se aproba o Acordo do 28 de outubro de 2022 entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, STAJ, AXG-CUT, UGT, CIG E CC.OO. para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O 18 de novembro dese mesmo ano, publicouse no DOG a Resolución do 17 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta do 17 de novembro de 2022 polo que se aproba o Acordo do 14 de novembro de 2022 entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Pola súa banda, respecto do persoal da Administración xeral da Xunta de Galicia, en canto ao sistema de carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia*, aprobouse a Orde do 22 de novembro de 2022 pola que se publica o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais UGT, CC.OO e CSIF, para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da *Lei 2/2015, do 29 de abril*. Con posterioridade, publicouse a Orde do 25 de novembro de 2022 pola que se publica o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CSIF, CC.OO. e UGT polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do sistema transitorio extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa para o persoal funcionario.



Na referida orde de 22/11/2022 na súa cláusula 8 recoñécese o grao I consolidado para todo o persoal que se acolleu ao proceso extraordinario de carreira profesional derivado da do 15 de xaneiro de 2019 pola que se publica o Acordo de concertación do emprego público de Galicia, entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais UGT e CC.OO, que regulaba o sistema transitorio de carreira na súa sección segunda.

O artigo 7 da Orde do 25 de novembro, "Homologación de graos de carreira recoñecidos noutras administracións públicas", recolle que o persoal funcionario, que mediante os procedementos de mobilidade interadministrativa, fose nomeado para o desempeño de postos na Administración xeral da Xunta de Galicia, poderá homologar os graos de carreira recoñecidos noutras administracións públicas.

Polo exposto, aos efectos de dar cumprimento ao establecido nos Acordos que desenvolven o previsto respecto da carreira administrativa, e en concreto, no artigo 7 da Orde do 25 de novembro, **ACÓRDASE:**

Primeiro: Homologar para o persoal a quen se lle recoñeza pola Dirección xeral de xustiza os graos correspondentes ao desenvolvemento da traxectoria profesional no ámbito da administración de xustiza en Galicia, os graos correspondentes ao desenvolvemento da carreira administrativa para o persoal funcionario da Administración xeral da Xunta de Galicia.

Segundo: Homologar para o persoal a quen se lle recoñeza pola Dirección xeral de Función Pública os graos correspondentes ao desenvolvemento da carreira administrativa no ámbito da administración xeral da Xunta de Galicia, os graos correspondentes ao desenvolvemento da traxectoria profesional para o persoal funcionario da Administración de Xustiza en Galicia.

Terceiro: A solicitude de homologación deberá ir dirixida, segundo corresponda, á Dirección Xeral de Función Pública, ou á Dirección Xeral de Xustiza, e deberase achegar a seguinte documentación, sen prexuízo de que a Dirección xeral que corresponda requira de maior documentación:

- Certificado acreditativo do grao recoñecido e data da súa concesión.

Santiago, na data da sinatura dixital

O director xeral da Función Pública
José María Barreiro Díaz

O Director xeral de Xustiza
José Tronchoni Albert

